

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

ALLEAMENTO OU A CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE, MEDIANTE CONCURSO PÚBLICO, DE VARIAS PARCELAS (3) RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO RÚSTICO APTO PARA URBANIZAR (SRAU) INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO (BARRO)

O Pleno da Corporación Provincial de Pontevedra, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2018, aprobou o expediente de "ALLEAMENTO OU A CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE, MEDIANTE CONCURSO PÚBLICO, DE VARIAS PARCELAS (3) RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO RÚSTICO APTO PARA URBANIZAR (SRAU) INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO, NO MUNICIPIO DE BARRO, PONTEVEDRA, polo que se fai a seguinte convocatoria:

1.- OBXECTO

O alleamento ou a constitución dun dereito de superficie, a través de procedemento aberto, de 3 parcelas resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do solo rústico apto para urbanizar, SRAU Industrial Outeda-Curro, no municipio de Barro, Pontevedra.

2.- GARANTÍAS

Os licitadores deberán constituír garantía provisional equivalente ao 2% do importe tipo ou base de licitación previsto no anexo 4 do Prego, IVE excluído; no suposto de optar pola constitución dun dereito de superficie a garantía provisional a constituír será equivalente a media anualidade do canon tipo ou base de licitación, previsto no anexo 4, IVE excluído.

A garantía consignarase, exclusivamente, na Caixa da Deputación de Pontevedra, en calquera das formas previstas no artigo 106 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En canto á garantía definitiva e, no seu caso, á garantía de pago fraccionado, regúlase na cláusula 19ª do Prego.

3.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As proposicións para tomar parte na presente contratación poderán presentarse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, Avda. Montero Ríos, s/n-C.P. 36071, na oficina periférica de Vigo, sita na Rúa Oporto 3,-C.P. 36201, ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes a contar dende a publicación do anuncio de licitación no BOPPO.



Venres, 2 de novembro de 2018

Núm. 211

4.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓN

A apertura do sobre “B” correspondente á “Proposición Técnica” celebrarase en acto público ás 10 horas do quinto día hábil seguinte ao día en que remate o prazo sinalado para a presentación de ofertas; en canto aos sobres “A” “Documentación Administrativa” e “C” “Proposición Económica” estarase ao disposto na cláusula 17ª do Prego.

5.- INFORMACIÓN

Os pregos de cláusulas económico administrativas, así como os seus 6 anexos, poderán consultarse na páxina web da Deputación: www.deponevedra.es. Así mesmo o teléfono de información é: 886.210.385.

Pontevedra, a 30 de outubro de 2018.

P. D. (Resolución 2016007829, do 25.04.2016)

Deputado delegado de Economía,
Facenda e Réxime Interno

Carlos López Font

O Secretario

Carlos Cuadrado Romay

